

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18/06/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.**
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.**
- 3º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **18/06/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 28 de Maio de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ CALVO, veciña de Fisterra para proceder á **Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar** (Referencia Catastral 8607422MH7580N0001XT) debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico de data Outubro de 2019 redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez**, que consta no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Setecentos cincuenta euros con vinte un céntimos (750,21 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación e que ascende á 34.100,35 €.--

A MARÍA PILAR CASTREJE ESTÉVEZ, veciña de Fisterra para proceder á **Rehabilitación dunha Edificación para uso Hoteleiro** (Referencia Catastral 8607505MH7580N0001LT), debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico de data Xaneiro de 2020 redactado polos Arquitectos Juan Creus Andrade e Covadonga Carrasco López** que consta no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- O Proxecto de execución xustificará as seguintes condicións impostas pola resolución de carácter favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:
 - As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. O azulexo reporase con pezas de deseño e cores semellantes aos existentes. A tella cerámica a utilizar na cuberta a catro augas do edificio

será a tradicional do lugar, tella curva vermella. O voo dos beirís da cuberta de tella será semellante aos existentes tradicionalmente.

-- As fachadas do volume inferior a cota do paseo (sobre o que non se actúa) deberán gardar o debido ornato público, para o que se pintarán en cor branca (incluso os ocos tapiados) pintando un zócalo inferior semellante ao existente (parece verde).

- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Sete mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta céntimos (7.592,60 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación e que ascende á 345.118,00 €.--

A MERCEDES HERMOSINDA ESTÉVEZ TRABA, para proceder a **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa** a emprazar na Parcela 442-2 con Referencia Catastral 15038A502004420000DJ así como para **Obras de conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga**, debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e Modificado do mesmo redactados polo Arquitecto Xoan B. Alborés Tajés con datas Abril e Xuño de 2020 respectivamente que constan no expediente**; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- O estudo xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- Deberase presentar en favor do Concello, unha Garantía provisional polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) coa finalidade de responder da boa execución da urbanización en metálico, aval bancario ou calquera outro previsto na normativa legal e tendo en conta o prezo establecido en bases da construción axustados ao mercado.-

Así mesmo, ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (2.147,34 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dito acordo adóptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo parentesco que lle une coa promotora.

A MERCEDES HERMOSINDA ESTÉVEZ TRABA, veciña de Fisterra para proceder a Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa a emprazar na Parcela 442-3 con Referencia Catastral 15038A502004420000DJ así como para Obras de conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Modificado do mesmo con datas Abril e Xuño de 2020 respectivamente, redactados polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés que constan no expediente ; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- O estudo xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- Deberase presentar en favor do Concello, unha Garantía provisional polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) coa finalidade de responder da boa execución da urbanización en metálico, aval bancario ou calquera outro previsto na normativa legal e tendo en conta o prezo establecido en bases da construción axustados ao mercado.-

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (2.154,56 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dito acordo adóptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo parentesco que lle une coa promotora.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN CANOSA SANTOS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 846 de 4/06/2020) para proceder ás obras consistentes no pintado das fachadas en cor branco nunha vivenda (Referencia Catastral 8318901MH7581N0001JX) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de Seis metros (6) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CIPRIANO CASTREJE MARTÍNEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 812 de 2/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e illamento térmico de fachada con colocación de nova plaqueta no piso nunha vivenda (Referencia Catastral 8605115MH7580N0001PT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN MARCOTE DÍAZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 791 de 28/05/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción duha beirarrúa de formigón e canalización das augas de acceso con Tres arquetas e tubos de pvc á finca (Referencia Catastral 001303900MH75D0001XQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede pública.

b.- Limpeza previa da cuneta existente con retirada da capa vexetal, para posterior apertura de canle necesaria para a instalación das conducións.

c.- Para a instalación do colector dispoñerase dun tubo de diámetro mínimo interior 400mm, sobre cama de regularización de 5cm de area, previa compactación do leito soporte por medios mecánicos específicos tipo compactador de placa, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%.

d.-Protección superior do conxunto con capa de formigón HM-20/P/20/IIA de 15cm e ancho 1 metro.

e.-A rasante do conxunto canalización + pavimento de protección será adecuada co vial existente, cunha pendente mínima transversal do 2% cara o exterior de maneira que se impida en todo caso a escorrentía da auga cara a via pública, sen formación de resaltes nin socavóns.

f.-A actuación realizarase en todo caso fora da calzada existente e os 2 m da liña exterior da zona de dominio público tal como establece o artigo 3.4.1.1.4 das Normas Subsidiarias de Planeamento.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a Rede de Baixa Tensión (RBT) mediante canalización subterránea de 23 metros co motivo de dar subministro a una vivienda emprazada na localidade de Suarriba neste Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso que consta no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Xuño de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais; condicionada a:

-- Informar do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, en colectores axeitados, e de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

-- Unha vez rematadas as obras repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentarse en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra a cantidade de Trescentos euros (300,00 €) en metálico ou aval bancario para garantir así a reposición da urbanización afectada. .

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Tres euros con vinte e nove céntimos (3,29 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Vinte e catro euros con catorce céntimos (24,14 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 17 de Xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos

asistentes acorda Conceder a SABELA OCA INSUA e JOSÉ LUÍS CAPELO LADO, veciños de Fisterra, LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA ALTA E GARAXE ANEXO emprazada na parcela con Referencia Catastral 15038A50202120000DO, con Licenzas Urbanísticas outorgadas por esta Xunta nas sesións dos días 31/08/2017 e 22/03/2018, en base ó Proxecto Básico, Modificado I do mesmo de datas Decembro de 2016 e Agosto de 2017 así como o Proxecto de Execución redactados polo Arquitecto, Manuel Ángel Marcote Escariz, visado o día 12 de Marzo de 2018 que constan no expediente.-

C) Observado erro de transcripción na Licenza Urbanística outorgada en favor de MERCEDES HERMOSINDA ESTÉVEZ TRABA, na sesión celebrada por esta Xunta con data 28 de Maio de 2020, para proceder a realización de obras consistentes na Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa e conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga, nunha Parcela con (Referencia Catastral 15038A502004420000DJ.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda proceder á súa modificación, no sentido de que o seu emprazamento é na Parcela 442-1 mantendo todas e cantas condicións lle foron impostas na citada licenza.

Dito acordo adóptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo parentesco que lle une coa promotora.

3º) ASUNTOS VARIOS

APERTURAS DE ACTIVIDADES

COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

Visto o expediente iniciado co número 2020/999/00000131 (RE) de 10/06/2020 por Daniel Trillo Figueiras, no que presentan a comunicación previa do inicio da actividade de Servizos de Enxeñería que se localiza na rúa Cabello, 45-2º esquerda desta vila (Referencia Catastral número: 8216109MH7581N0008HY).

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 10/06/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por Daniel Trillo Figueiras, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de Servizos de Enxeñería, que se localiza na rúa Cabello, 45-2º desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

TRANSMISION DE LICENZA

A) Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00000913 (RE) de 15/06/2020 por Brais Pichel Díaz, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “cafe bar” que se localiza no Paseo da Ribeira, 65 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/10/1992, a Comisión de Goberno concedíulle a Jesús Pichel Martínez, licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza no semisoto da edificación do Paseo da Ribeira, 65 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Jesús Pichel Martínez, e por Brais Pichel Díaz.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á solicitude de transmisión de licenza e comunicación previa de inicio da actividade presentada por Brais Pichel Díaz, para o inicio da actividade de “café bar” que se localiza no semisoto da edificación do Paseo da Ribeira, 65 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00000961 (RE) de 18/06/2020 por Miguel Díaz Piñeiro, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” e de “restaurante” que se localiza na rúa Federico Avila, 5 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 16/12/2015, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Elena Trillo Santos, licenza definitiva de apertura de “café bar” e de

“restaurante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 5 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Elena Trillo Santos e por Miguel Díaz Piñeiro.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á solicitude de transmisión de licenza e comunicación previa de inicio da actividade presentada por Miguel Díaz Piñeiro para o inicio da actividade de “café bar” e de “restaurante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 5 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

OCUPACION VIA PUBLICA

Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00000795 (RE) de 29/05/2020, por Roberto Traba Velay, no que solicita autorización para a ocupación de vía publica nunha superficie de 7,68 m² (1,60x4,80 mts) con 3 mesas e 6 cadeiras de madeira, e como protección lateral un peche de madeira en cor natural, na rúa Real, 27 desta vila coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona durante a tempada de 2020.

RESULTANDO: Que mediante escrito rexistrado co número 2020/000/00000860 (RE) de 8/06/2020, Roberto Traba Velay, do que se desprende que con motivo da alerta sanitaria causada polo COVID19, coa finalidade de implementar as medidas de distancia social en establecementos de hostalaría, solicita a ampliación da ocupación da vía publica a un total de 15,36 m², dos que 7,68 m² vanse colocar en fronte ao bar que rexenta denominado “La Galería”.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

RESULTANDO: Que segundo se desprende da documentación presentada, preténdese instalar 3 mesas e 7 cadeiras que ocuparían un espazo de 15,36 m². Como proteccións laterais colocaranse uns postes de madeira que non están ancorados ao pavimento, unidos por unha corda de nilon de 20 mm. As mesas e cadeiras son da mesma cor que as proteccións laterais.

CONSIDERANDO: Que no expediente constan informes favorables de data 5/9 e de 12/06/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m2 (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 7 persoas ao que se adapta o solicitado e por mor das restricións derivadas da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Roberto Traba Velay, e autorizar a ocupación de 15,36 m2 da vía pública na rúa Real desta vila, con 3 mesas e 7 cadeiras de madeira tratada con patas de ferro e goma, como proteccións laterais colocarase un peche de madeira cor madeira. Poderanse colocar antucas ou parasois puntuais de quitar e poñer, facilmente desmontables, textiles, elixindo unha soa cor entre os tons brancos, beige, ocres, claras ou verdes, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2020 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

.2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

VADO PERMANENTE

A) Vista a petición formulada co número 2020/000/00000834 de 3/06/2020, por parte de José Luís López Suárez, veciño de Fisterra na que solicita a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos dun inmovible nunha lonxitude de tres (3) metros lineais para unha superficie interior de 21 a 60 m2.

Visto o Informe emitido o día 17 de xuño de 2020 polo arquitecto que presta servizos no departamento de urbanismo desta corporación, do que se desprende o carácter favorable deste o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por José Luís López Suárez, e concederlle licenza para a instalación do vado permanente número 3/2020 (chapa número 141) de tres metros lineais para una superficie interior de 21 a 60 metros cadrados para facilitar a entrada e saída do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada; para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2019 cunha cota anual de corenta e nove euros (49,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. M. T., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para cubrir os gastos de transporte á A Coruña asistencia a consultas médicas por tratamentos de familiar, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. L. M., veciño de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a G. C. F.T., veciña de Fisterra coa finalidade de apoio na Limpeza Doméstica durante Unha Hora semanal.-

AXUDAS ECONOMICAS

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á COMUNIDAD DE USUARIOS DEL AGUA DE SARDIÑEIRO, con CIF G70030418 unha axuda económica polo importe de Tres mil cincocentos euros (3.500 €) con cargo ao Presuposto Ordinario actualmente prorrogado para o ano 2020, para financiar unha Inversión de Subministros integrados por Un Panel CL/PH 24 V, Un Fit Solar a 24 V e os accesorios indicados no Presuposto expedido pola Empresa ABN PIPE ABASTECIMIENTOS S.A. por un importe de 4.747,39 € incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que consta no expediente.-

Para o libramento da Subvención será necesaria que por parte desa Asociación sexa presentada Certificación expedida por Técnico competente acreditativa da Instalación realmente executada, previa comprobación polos

servizos técnicos do Concello que deberá efectuarse antes do día 31 de Decembro de 2020.-

CERTIFICACION DE OBRA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes **acorda Ratificar na súa totalidade a Resolución ditada pola Alcaldía con data 11 de Xuño de 2020 co seguinte contido :**

"Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, esta Alcaldía en virtude das facultades que me confire a Lei de Bases de Réxime Local **acorda aprobar a Certificación Única da Obra denominada "Rehabilitación Parque Infantil da Praia de Sardiñeiro"** (Código 19.2001.0486.0) por un importe de Cento cinco mil oitocentos euros (105.800 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal adicional 1/2019 debidamente asinada polo Director de Obra, Alfonso Botana Castelo e Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones e Servizos S.L..

Así mesmo remítase ao citado Organismo para o libramento da aportación provincial. "

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.